



experiencias

O despertar dunha afección dun alumno con síndrome de Down

María Nuria Pahino Domínguez


Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica
CEIP de Cangas

penuria@edu.xunta.es

"Ao comezar axitei unha botella de tinta chinesa que se estendeu pola miña man; parecía unha paisaxe. Puxen a man no papel e partindo da imaxe que deixou, viaxei coa paisaxe a outras paisaxes".

David Smith

A idea desta experiencia xorde pola necesidade de desenvolver en Darío, un rapaz de catorce anos con síndrome de Down, habilidades adaptativas que lle permitan unha integración activa na comunidade. Trátase dun neno con evidentes limitacións cognitivas e dificultades na fala, o que sumado a outros factores é unha barreira para as relacións sociais e produce illamento.



Darío descobre que co ordenador se pode atopar a información que busca

Dende a idea de educación como compensadora das circunstancias persoais desfavorecidas, e situando en primeiro plano a inclusión e a normalización, pensamos nun proxecto no que se priorizase a funcionalidade e a procura da maior autonomía posible. Como parte deste plan de traballo, comprometémonos a fomentar a afección pola pintura para encher o seu tempo de ocio. Abrímoslle a porta ao mundo da arte dende dúas vertentes: como espectador e como artista. A nosa finalidade é que Darío incorpore no seu día a día actividades relacionadas coas obras plásticas e que poida gozalas dun xeito autónomo.

Por que eliximos a pintura?

"Un cadro colle vida ante a presenza dun espectador sensible, en cuxa conciencia se desenvolve e medra".

Mark Rothko

Escollemos a pintura porque:

- É unha ocupación atractiva e dinámica, na que se aproveitan todas as capacidades residuais, con pouca esixencia sobre as aptitudes intelectuais.
- O alumnado necesitado de apoio xeneralizado se pode beneficiar dun espazo cheo de

outros artigos

O despertar dunha afección dun alumno con síndrome de Down

María Nuria Pahino Domínguez Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica CEIP de Cangas

A titoría como apoio á aprendizaxe

Rubén Anido Regueiro Profesor de Lingua e Literatura IES Manuel García Barros, A...

Estudo dun CD-ROM

Unha experiencia interdisciplinar Enric Ripoll Mira Departamento de Física e Química...

relacionados

Experiencia Down

artigo de Opinión, en Eduga 52

artigo de Opinión, en Eduga 52

artigo de Experiencia, en Eduga 52

artigo de Investigación, en Eduga 51

Experiencia Titoría

artigo de Experiencia, en Eduga 51



colabora con
experiencias

revista.galega.ensino@edu.xunta.es

posibilidades para observar, sentir, descubrir sensacións novas, experimentar, crear, atopar pracer e satisfacción, coñecer artistas plásticos galegos.

- É unha tarefa que permite divertirse de forma sa e creativa.
- O neno pode obter proveito dun espazo que brinda excelentes oportunidades de comunicación, ao que asiste ben predisposto, tranquilo e confiado; no que se sente a gusto, libre das presións dos demais.
- É un xeito de gozar dos recursos que ofrece o medio no tempo libre.
- É unha actividade motivadora que facilita o recordo. Con esta intención elaboramos un libro-memoria que lle axudará a rememorar os momentos vividos durante o curso.

Metodoloxía e recursos empregados

A experiencia levámola a cabo nas clases de apoio, en dúas sesións semanais consecutivas, e foi dirixida pola especialista en Pedagogía Terapéutica, autora deste artigo. O proceso foi o seguinte:

Procura de información

Empezamos investigando onde había exposicións no concello. Valémonos de todos os medios: achegámonos a preguntar á casa da xuventude, telefonamos á casa da cultura e consultamos o xornal.

Despois buscamos en Internet datos sobre o autor e a súa obra. Ás veces tamén acudimos aos libros.

O alumno participou cun aceptable nivel de autonomía na procura de información en xornais e páxinas web. Para el, foi un importante reforzo sentir que podía levar a cabo as tarefas sen a constante supervisión da mestra. Nos traballos que requirían comunicarse cos outros, precisou axuda. Falamos dun neno pouco falador, que apenas fai preguntas e que diante do teléfono queda case mudo. O relevante é que entendeu o proceso de busca como un labor previo á saída, e que se sentiu verdadeiro protagonista da experiencia.



A experimentación coas pinturas e obxectos abríronlle un mundo de posibilidades expresivas

Visitas ás exposicións e impresións de Darío

O feito de que na zona exista unha boa oferta cultural, permitiunos saír a -diversas exposicións. Con estas visitas coñecemos pintores con diferentes estilos e aprendemos a mirar os seus lenzos como nunca o fixeramos: reparamos na temática, nas técnicas que empregaron, nas cores dominantes, na luz e na poesía dos nomes que lles poñen ás súas creacións figurativas ou abstractas.

Tamén soubemos da obra de pintores e escultores do Morrazo que viven preto da casa. Houbo cadros que nos sorprenderon, algúns provocaron sorrisos e outros case nos deron medo, mais todos axudaron a cultivar a nosa sensibilidade. Verbalizamos as nosas impresións e comprobamos os nosos gustos e as nosas preferencias artísticas.

O rapaz habitualmente fala pouco e cústalle moito preguntar e expresar os seus sentimentos. Aínda así, nunha das saídas, diante dun cadro no que predominaban as cores escuras, deteuse e exclamou: Ai! Que medo! Curiosamente, nunha conversa posterior dixo que fora o que máis lle gustara da exposición.

Noutra ocasión chamoulle a atención unha obra elaborada cun motivo que se repetía unha chea de veces.

Darío: - Que son?

Mestra: - Que che recorda?

O rapaz observa a pintura na procura de algo que se lle asemelle. Despois dun anaco, dixo:

Follas.

(Logo no catálogo da exposición lemos: "Os ollos da nena Gloria quedan fixamente mirando as follas do outono que caen, que corren polo patio de atrás da casa empurradas polo vento.")

Ollando para unha das mulleres dun lenzo,

Darío comenta: - Dóelle a cabeza.

Mestra: - Parece, non? E estoura? (Sinalando outra muller retratada na mesma pintura.)

Darío (Tras observala): - Dóelle o brazo.

Mestra (Con ironía): - Teñen cara de estar contentas.

Darío (Seguro do que di): - Nooon!

Mestra: - Serán irmás ou amigas?

Darío (Convencido): - Amigas.

Mestra: - Que lles pasaría? Imos ver o nome por se nos dá algunha pista.

Darío le o título do cadro: - "Onte non me falaches"
Mestra: - Ti que cres? Están enfadadas?
Darío: - Non falan. Hoxe Raquel chorou (É a súa irmá).
(Nesta pintura Darío identifica o sentimento da súa irmá pequena cando se anoxa e queda calada).

"Hai tantos cadros como ollos capaces de ver".

Sam Francis

Realizacións propias

Estimulados polas visitas, animei a Darío para que fixese as súas creacións plásticas. Así que nos puxemos a pintar. Foi un proceso creativo con moitísimas posibilidades:

- Utilizou témperas e ceras brandas.
- Escolleu as cores da pintura: quentes, frías, mesturas.
- Xogou coas texturas: pintura máis ou menos augada, espesa, transparencias.
- Empregou varios útiles: pincel, dedos, esponxa, tarxeta, cepillo dos dentes, trapo, patrón...
- Experimentou con distintos procedementos conseguindo unha gran variedade de efectos: pintou sobre seco/mollado, goteou pintura, zarrapicou, derramou, soprou, arrastrou, estampou... Tamén tentamos que imitase os artistas que coñecemos.
- Escribimos o texto explicando a técnica que usamos.

Montaxe e confección dun libro

As pinturas serviron de soporte para elaborar un libro-memoria do curso. Cada folla lembra unha data ou un acontecemento significativos para o rapaz: día en que cumpre os anos, excursións, afeccións, antroido...

A montaxe fíxemola combinando pinturas, fotografías, textos manuscritos, textos elaborados en Word, letras recortadas de revistas e folletos das saídas. Coas *colaxes* deseñadas, relatamos as emocións e os sucesos vividos durante o curso.

No reverso de cada creación, explicamos paso a paso a técnica empregada.

Finalmente plastificamos todo e encadernamos cunha espiral para darlle feitura de libro.



O interese pola creación artística medraba por momentos

Avaliación

"Un tería que saber a mellor maneira de empregar as horas de ocio: son momentos estimulantes para a creatividade".

Alexander Calder

Valoramos a experiencia de xeito moi positivo, porque o seu carácter manipulable e creativo, e o ambiente relaxado no que se realizou, permitiulle adquirir a Darío habilidades, recursos e estratexias que lle facilitan unha participación máis activa no contorno, o que contribúe a unha mellor autonomía e adaptación social.

Agora é quen de xogar libremente coa pintura, de elixir as cores e usar sen axuda pinceis, esponxa e outras ferramentas. Ademais limpa e recolle só os útiles cando remata a sesión. Expressa con algo máis de soltura as súas emocións e preferencias artísticas, tanto de maneira xestual como verbal. Observamos, así mesmo, que pasado un ano, segue gozando das actividades plásticas e creativas.

Nas exposicións adáptase con corrección ás normas: fala en ton baixiño e sabe que non se poden tocar as obras. Coñece as dúas salas máis importantes do concello, os seus horarios de apertura e o traxecto para chegar a elas. É capaz de seguir as indicacións peonís (paso de peóns e semáforos) para ir autonomamente e con seguridade polo camiño; e de feito, nas derradeiras saídas foi el o que guiou a mestra nos percorridos.

O seu nivel de expectación e gozo nas visitas medrou considerablemente. Comprobamos como o poder engaiolante da pintura foi despertando o seu entusiasmo polas obras pictóricas propias, e aumentou o seu contento ante o feito de crear. No mesmo proceso de elaboración do libro, puidemos observar

como aumentaba o desexo por deixar constancia dos bos momentos vividos.

Consideramos que as actividades que se levan a cabo son propostas válidas para gozar dos tempos de lecer, un modo de relacionarse co mundo e axudar a diminuír a situación de illamento, na que se ven inmersas as persoas con discapacidade. Esperamos ter fomentado unha afección para a vida cotiá, unha afección para ocupar o tempo devagar.



Os obxectos de uso máis cotián pasaron a formar parte da súa produción plástica

Bibliografía

- CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN de Gloria Alonso "Realidades e soños". Texto: Pedro Alonso. 2008. Lalín, Alvarelos.
- CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN de Din Matamoro. Texto: Xavier Seoane / Fotografía: Roberto Quintero. 1998. Atlántica. Centro de Arte.
- CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN de Xavier Ríos. Texto: Juan Carlos Meana/ Fotografía: Xenaro Martínez Castro. 1999. Imprenta C. Peón.
- CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN "A carón do mar" (Agustín Bastón, Alex Calvo, L. Portela, Manuel Pizcueta, Xavier Fernández Ríos). Texto: Isabel Álvares Ilarri. 2003. Ed. Xunta de Galicia.
- CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN "Massó" de Nuria Guardiola. Texto: José Ballesta de Diego/ Salvador Espriu. 2000. Ed. Xunta de Galicia.
- CATÁLOGO DE EXPOSICIÓN "Arte no Morrazo" (Varios). Texto: Xosé Manuel Pazos Varela. 2009. Ed. Concello de Cangas e Frigoríficos do Morrazo.
- DE JESÚS RODRÍGUEZ, R. (1998) Manuales Parramón "Acrílico" Barcelona. Parramón Ediciones S. A. 2ª. Ed.
- HESS, B. (2005) Expresionismo abstracto. Bonn, Ed. Taschen.
- MANRIQUE, A. (1998) Guías Parramón "Para empezar a pintar". Barcelona, Parramón Eds. S. A. 2ª. Ed.

 [Imprimir páxina](#)

O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010](#)

[Entreponetes, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)

[Reinicianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

[Experiencias](#)

[Investigación](#)

[Foro](#)

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)

[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)